



# FERVENZAS DO RÍO CERVES

Adela Leiro, Mon Daporta



Tres rutas no concello de Melón para visitar as numerosas fervezas do río Cerves e o seu afluente, o rego da Cortella.

O río Cerves, nun percorrido de 16 km, salva un desnivel de máis de 1.000 m nun terreo rochoso con numerosas fracturas polas que tanto o río, como os seus afluentes, se precipitan formando sucesións de “feixas”, rápidos e pozas.



## 1-Feixas das Mestas e Tourón.

**Distancia:** 5 km (ida e volta)


**Dificultade:** media

**Duración:** 2 horas

Nun tramo de 2,5 km podemos ver unha sucesión de rápidos, escorregadeiras, saltos e pozas. As máis espectaculares son as das Mestas (Augas Altas) e as de Tourón.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada de Melón a Ourense, xusto antes de cruzar o río Cerves, un pouco antes do acceso á autovía, atópase á esquerda un aparcamento no que hai un bar e onde comeza a “Ruta das Pozas”, sinalizada. Tamén se pode acceder con vehículo á metade da ruta pola estrada que vai de Melón ás Mestas, ou aos saltos de Tourón.



Feixas de Tourón



Feixa debaixo da ponte da autovía



Feixa das Mestas (Augas Altas)

## 2-Feixa de Santa Cruz ou de Codesás

**Distancia:** 3,5 km (ida e volta)

**Dificultade:** baixa



**Duración:** 1 hora e 30 minutos

Despois de cruzar a estrada, o Cerves forma un estreito canón cun gran desnivel no que se poden ver varios saltos de gran beleza que rematan nunha ferverza de máis de 40 m de altura, á que é imposible achegarse.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada de Melón a Ourense (N-120), un pouco antes da estación de servizo, hai un cruce que leva á esquerda a Mocés e á dereita sae unha pista da terra a carón dunha nave. Déixase o coche na entrada da pista e séguese por ela, collendo, un pouco máis adiante, o primeiro desvío á dereita. Despois de atravesar un pequeno chan baixa cara ao río e vira á esquerda seguindo o trazado da tubería da central eléctrica. Despois de 700 m vemos, de lonxe, o canón do río e as ferverzas.

Tamén se pode chegar desde Codesás.



Feixas de Codesás

## 3-A Feixa

**Distancia:** 1.600 m (ida e volta)

**Dificultade:** media

**Duración:** 1 hora

O regato da Cortella é un afluente do Cerves que baixa da serra do Faro de Avión salvando un desnivel de máis de cen metros nun estreito canón rochoso formando sucesivos saltos e pozas, algunhas de máis de 15 m de altura, ás que é imposible achegarse.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada de Melón á Cañiza (N-120), xusto pasada a ponte da autovía A-52 parte unha pista asfaltada que sube a Cimadevila en 400 m. Na entrada da localidade déixase o coche, crúzase por entre as casas e séguese un camiño ata chegar a unha bifurcación ondes se colle o carreiro da esquerda cara ao río. Ao pouco de avanzar por el xa se ven de fronte as feixas (a uns 500 m da saída).

Para ver cando o río leva auga e as árbores están sen follas.

